<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: <ul style="list-style-type: none"> - A hixiene como elemento imprescindible na práctica da actividade física e deportiva. - Saúde social: <ul style="list-style-type: none"> - Comportamentos violentos e incitación ao odio no deporte.

Contidos

- Saúde mental:
 - Aceptación de limitacións e posibilidades de mellora ante as situacións motrices.
 - A actividade física como fonte de gozo, liberación de tensións, cohesión social e superación persoal.
- Elección da práctica física: xestión das situacións de competición con base en criterios de lóxica, respecto ao rival e motivación.
- Prevención de accidentes nas prácticas motrices: calzado deportivo e ergonomía.
- Toma de decisións:
 - Pautas grupais para optimizar os recursos motrices do grupo para a resolución da acción/tarefa en situacións cooperativas.
 - Adaptación dos movementos propios ás accións do contrario en situacións de oposición.
- Capacidades perceptivo-motrices en contexto de práctica: integración do esquema corporal e dos diferentes aspectos coordinativos, espaciais e temporais en determinadas secuencias motrices e/ou deportivas.
- Habilidades motrices específicas asociadas á técnica en actividades físico-deportivas.
- Xestión emocional: a tensión en situacións motrices, sensacións, indicios e manifestacións.
 - Estratexias de autorregulación colectiva do esforzo e a capacidade de superación para afrontar desafíos en situacións motrices.
 - Perseveranza e tolerancia á frustración en contextos físico-deportivos.
- Habilidades sociais: condutas prosociais en situacións motrices colectivas.
- Respecto ás regras: regras de xogo como elemento de inclusión social.
 - Funcións de arbitraje deportiva.
- Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices.
- Deporte e perspectiva de xénero: promoción do deporte en igualdade, figuras masculinas e femininas do deporte galego.

UD	Título da UD	Duración
9	SALVAMOS VIDAS	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Recoñecer e valorar a incidencia que algunhas prácticas e comportamentos sociais teñen na nosa saúde e na convivencia, valorando o seu impacto e evitando activamente a súa reprodución.	Recoñecer e valorar a incidencia que algunhas prácticas e comportamentos sociais teñen na convivencia	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	Recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.		
CA2.2 - Actuar de acordo cos protocolos de intervención ante accidentes derivados da práctica de actividade física aplicando medidas básicas de primeiros auxilios.	Poñer en práctica de forma básica os protocolos de intervención ante accidentes derivados da práctica de actividade física aplicando medidas básicas de primeiros auxilios		
CA3.5 - Colaborar na práctica de diferentes producións motrices para alcanzar o logro individual e grupal, participando na toma de decisións e asumindo distintos roles asignados e responsabilidades.	Colaborar na práctica de diferentes producións motrices relacionadas cos protocolos de intervención ante accidentes coa utilización de medidas básicas de primeiros auxilios (RCP, SVP, etc) e realizar de forma básica producións propias cos protocolos de primeiros auxilios.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: <ul style="list-style-type: none"> - A hixiene como elemento imprescindible na práctica da actividade física e deportiva. - Saúde mental: - Prevención de accidentes nas prácticas motrices: calzado deportivo e ergonomía. - Medidas de seguridade en actividades físicas dentro e fóra do centro escolar. - Actuacións básicas ante accidentes durante a práctica de actividades físicas. - Conduta PAS (protexer, avisar, socorrer). Protocolo 112. Soporte vital básico (SVB). - Capacidades perceptivo-motrices en contexto de práctica: integración do esquema corporal e dos diferentes aspectos coordinativos, espaciais e temporais en determinadas secuencias motrices e/ou deportivas.

UD	Título da UD	Duración
10	EXPLORAMOS O MEDIO NATURAL	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.2 - Recoñecer e valorar a incidencia que algunhas prácticas e comportamentos incívicos teñen na nosa saúde e na convivencia, valorando o seu impacto na contorna e evitando activamente a súa reprodución.	Valorar a incidencia que teñen os comportamentos incívicos na contorna e evitando activamente a súa reprodución	PE	10
CA1.5 - Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial, así como os seus riscos para o seu uso no ámbito da actividade física e do deporte.	Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais	TI	90
CA2.5 - Coñecer e aplicar normas de seguridade individuais e colectivas na práctica de actividades motrices.	Aplicar normas de seguridade individuais e colectivas na práctica de actividades motrices relacionadas co uso do calzado e vestimenta ca finalidade de evitar riscos individuais e colectivos		
CA3.1 - Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial, así como os seus riscos para o seu uso no ámbito da actividade física e do deporte.	Explorar e valorar recursos e aplicacións dixitais relacionadas coa orientación ou as actividades no medio natural.		
CA6.1 - Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física relacionada co uso da seguridade viria ou a realización de actividades en contornas naturais		
CA6.3 - Participar en actividades físico-deportivas en contornas urbanas e naturais, terrestres ou acuáticos, gozando de maneira sostible, minimizando o impacto ambiental que estas poidan producir e sendo conscientes da súa pegada ecolóxica.	Participar en actividades físico-deportivas en contornas urbanas e naturais (Xogos de rastrexo, de pistas, orientación deportiva, saídas en bicicleta, circuitos de seguridade viaria)		
CA6.4 - Practicar actividades físico-deportivas no medio natural e urbano aplicando normas de seguridade individuais e colectivas.	Practicar actividades físico-deportivas no medio natural e urbano aplicando normas de seguridade individuais e colectivas: actividades de seguridade viaria, ruta en bicicleta, xogos de pistas e orientación pola contorna.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: <ul style="list-style-type: none"> - A hixiene como elemento imprescindible na práctica da actividade física e deportiva. - Saúde mental: <ul style="list-style-type: none"> - Aceptación de limitacións e posibilidades de mellora ante as situacións motrices. - A actividade física como fonte de gozo, liberación de tensións, cohesión social e superación persoal. - Preparación da práctica motriz: autoconstrución de materiais como complemento e alternativa na práctica da actividade física e do deporte.

Contidos

- Prevención de accidentes nas prácticas motrices: calzado deportivo e ergonomía.
- Medidas de seguridade en actividades físicas dentro e fóra do centro escolar.
- Toma de decisións:
 - Utilización consciente do corpo en función das características da actividade, contexto e parámetros espaciais en que se desenvolve en situacións motrices individuais.
 - Pautas grupais para optimizar os recursos motrices do grupo para a resolución da acción/tarefa en situacións cooperativas.
 - Capacidades perceptivo-motrices en contexto de práctica: integración do esquema corporal e dos diferentes aspectos coordinativos, espaciais e temporais en determinadas secuencias motrices e/ou deportivas.
- Capacidades condicionais: desenvolvemento das capacidades físicas básicas.
- Creatividade motriz: resolución de retos e situacións-problema de forma orixinal, tanto individualmente como en grupo.
- Respecto ás normas viarias en desprazamentos activos cotiáns para unha mobilidade segura, saudable e sostible.
- O uso da bicicleta como medio de transporte habitual.
- Análise do risco nas prácticas físico-deportivas no medio natural e urbano: medidas de seguridade en actividades das distintas contornas con posibles consecuencias graves nestas.
- Consumo responsable no ámbito da actividade físico-deportiva.
- Práctica de actividades físico-deportivas nas distintas contornas, coidando destas, como servizo á comunidade.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A Educación Física na educación secundaria ten un carácter motriz, práctico e vivencial que busca, entre outros obxectivos, incrementar a actividade física efectiva do alumnado.

Os diferentes modelos pedagóxicos constitúen unha ferramenta para materializar un desenvolvemento competencial, polo carácter participativo, creativo e de aprendizaxe que xeran no alumnado.

As situacións de aprendizaxe integran procesos orientados á adquisición da competencia motriz e as competencias clave, enfocándose desde diferentes perspectivas, articulando elementos plurais como: metodoloxías de carácter participativo, o tipo e a intención das actividades expostas, a organización dos grupos, a consolidación dunha autoestima positiva, autonomía, reflexión e responsabilidade ou a creación dunha conciencia de grupo-clase.

A metodoloxía exposta caracterizarase por ser, flexible, activa, integradora, participativa, lúdica, creativa e progresiva.

Vexamos, deseguido, algúns dos seus elementos.

1. MÉTODOS DE ENSINO

Os métodos de ensino se corresponden cos obxectivos que se pretendan en cada unidade didáctica. Elo non quere dicir que en cada unidade utilícase un método único, senón que, polo contrario, normalmente se combinarán, sendo os obxectivos didácticos propostos os que determinen a conveniencia de que predomine a utilización dun ou outro método.

Así, tomando como punto de partida a idea de que non se pretende buscar a toda costa un rendemento deportivo concreto, cando se trata da ensinanza e aprendizaxe de modelos, o método de "Instrucción directa" aconsellable naquelas actividades que teñen solucións ben definidas polo seu probado rendemento, cúa execución requira uns programas motores específicos. Non se debe esquecer que é moito máis sinxelo aprender correctamente unha técnica dende o principio que intentar correxila cando se aprendeu erroneamente.

Pero de igual forma que a instrucción directa é importante en certas actividades, non ten ningún sentido noutras. Aínda que o exemplo máis claro disto témolo na expresión corporal, hai outras moitas actividades e situacións nas que é máis enriquecedor utilizar un ensino mediante a búsqueda, o plantexala en forma de resolución de problemas, como pode ser o caso dalgúns deportes alternativos, o do plantexamento de posibles solucións tácticas nos deportes

máis convencionais, ou, tamén, cando se quera introducir elementos lúdicos nos deportes tradicionais (combinación de dous deportes: por exemplo, xogar a fútbol e baloncesto simultaneamente; xogar a voleibol pero con pelota de espuma e palas,...).

Un dos procedementos metodolóxicos que vai ser utilizado con maior frecuencia, ao longo do curso, é a "Asignación de tarefas", xa que facilita enormemente a individualización do ensino ao propiciar que cada alumno ou grupo de alumnos realice aquelas actividades que son máis adecuadas á súa competencia motriz. Ademais, este procedemento axuda a que o profesor poda axustar millor as súas intervencións durante o proceso de ensino e aprendizaxe ás necesidades específicas de cada alumno/a nun momento determinado.

Asimesmo, tamén se propondrán situacións de "Ensinado recíproco", xa que o feito de que un alumno teña que correxir ao seu compañeiro ou compañeiros non só axuda ao que está executando a acción, senón que tamén, o que fai as veces de ensinante, adquire unha idea máis clara da actividade que tamén el debe realizar, ao verse obrigado a analizar a execución do seu compañeiro e a detectar os erros que comete. Por outro lado, o ensino recíproco supón, en si mesmo, unha boa forma de desenvolver algúns contidos actitudinais.

En canto á estratexia na práctica do ensino de modelos utilizaráanse, de acordo cas características da habilidade motriz que se pretenda ensinar, métodos analítico -progresivos ou globais- con ou sen polarización da atención.

2. ORGANIZACIÓN ESPAZO-TEMPORAL AGRUPAMENTOS

A agrupación estable dos alumnos en función da competencia motriz supón, ás veces, problemas derivados da diminución das expectativas do profesor e dos alumnos, da tendencia a unha autoestima baixa, de actitudes pasivas ante as limitacións persoais, etc. Nembargantes, o uso dosificado e racional deste sistema pode proporcionar certas vantaxes e estar xustificando dende o punto de vista da aprendizaxe, sempre e cando se utilice para casos e situacións concretas, e normalmente se utilicen outros sistemas de agrupamento de alumnos (aleatoriedade, afectividade, heteroxeneidade en altura o en capacidade, etc.).

As diferencias individuais no rendemento motor non deben ser o único criterio de agrupamento de alumnos, aínda que este tamén sexa práctico en determinadas situacións. Básicamente utilizaráanse dous criterios de agrupamento:

Agrupacións de alumnado de nivel heteroxéneo: para lograr que os alumnos de maior nivel sirvan de estímulo aos de nivel inferior e para plantexar situacións de "microensino", para o desenvolvemento de determinados contidos actitudinais, e como elemento de integración.

Agrupacións de alumnado de nivel homoxéneo: para a realización de pequenas adaptacións curriculares e para plantexar situacións competitivas máis igualadas en cada un dos deportes traballados, pois non hai que descartar o valor educativo da competición.

UTILIZACIÓN DE ESPAZOS

Unha vez máis, os espazos a empregar dependerán do tipo de contido que esteamos a traballar.

Empregaremos todos os espazos ao noso dispor, ximnasio, patios exteriores, pavillón municipal, campo de fútbol, piscina municipal cuberta, parques e outros espazos próximos ao instituto (sendeiros, roteiros, esqueiras, muros, árbores...).

Como apoio teórico ás nosas clases, empregaremos a Aula Virtual, ordenadores e proxector de vídeo, a nosa disposición no ximnasio e nas aulas de cada grupo

Para a busca e tratamento da información, se é presencial, cada estudante pode empregar o seu teléfono móbil, e tamén usaremos a Biblioteca e aula de informática.

Para a presentación de determinados contidos, usamos a aula de radio, próxima ao ximnasio.

OPTIMIZACIÓN DO TEMPO DE ACTIVIDADE e RUTINAS

Partimos da definición de tempo de actividade real, que é o tempo que o alumnado dedica exclusivamente para practicar unha determinada actividade física.

Para realizar correctamente unha actividade, o alumnado ten que ter tempo suficiente para realizala, repetíndoa un número suficiente de veces.

É por iso, que teremos que incrementar o tempo de actividade real dentro das nosas sesións.

Algúns aspectos a ter en conta para conseguilo serán:

Minimizar o tempo das rutinas: chegar ao lugar de traballo (ximnasio, pavillón..), prepararse para a clase (roupa, calzado, atar pelo, ir ao servizo...), facer a presentación da sesión, ver se falta alguén, ao remate da clase asearse, cambiarse de roupa e despedirse.

Aproveitar o comezo da clase, co quecemento, para explicar en que vai consistir a sesión. E tamén a volta á calma, para valorar ou comentar aspectos desenvolvidos na sesión.

Organizar a colocación do material necesario para a sesión e a súa recollida, procurando que todo o alumnado participe.

Axilizar os distintos agrupamentos do alumnado, procurando facelos ao comezo da clase, indicando claramente os

critérios e colaborando na súa formación.

COÑECEMENTO DOS RESULTADOS/EXECUCIÓN

Durante as sesións e ao remate da mesma, o alumnado irá recibindo información e/ou indicacións/correccións sobre as actividades que está a desenvolver, ben individualmente ou en grupo, dependendo das actividades desenvolvidas. Isto é importante para mellorar o rendemento, sempre tendo en conta que a execución sexa a correcta, evitará lesións, favorecerá o autoconhecimento e a colaboración e incrementará a motivación de cara á tarefa.

En resumo, o coñecemento dos resultados poderá ser:

Concurrente: durante a execución. A vantaxe é que o alumnado pode modificar o xesto mentres o realiza. É máis empregado canto máis sinxela ou técnica é a tarefa.

Inmediato (6-20 segundos): inmediatamente despois da execución. Permite que o alumnado lembre o que fixo e tente recordar error para non volver a repetilos. Como inconveniente é que non pode ser moi extensa e non é posible abarcar a todo o alumnado.

Retardado: pode ser menos eficaz pero depende da tarefa. Por exemplo, despois de realizar unha xornada de xogos tradicionais.

ACTIVIDADES

As actividades serán variadas e servirán para acadar os contidos e os obxectivos, sempre tendo unha funcións socializadora, integradora, respectando as características de cada estudante.

Dependendo do tipo de unidade didáctica, o tipo de actividades poden ser:

de diagnóstico, para avaliar os coñecementos previos do noso alumnado antes de comezar as unidades didácticas;

de desenvolvemento, para ir avanzando nos contidos e obxectivos a acadar ao longo dunha UD;

de síntese, ao remate de cada parte da UD, para comprobar se o alumnado foi aprendendo os contidos que se requiren;

de avaliación, como consecuencia de todo o proceso, e que pode levar a unha cualificación individual e/ou grupal e tamén a cambios nas actividades desenvolvidas, no caso de non acadar os resultados agardados;

de reforzo e de ampliación, xa que cada estudante ten ritmo de aprendizaxe e de execución.

ESTRATEGIA NA PRÁCTICA

Podemos empregar distintas estratexias, dependendo da tarefa, dos contidos, dos obxectivos e do alumnado.

Estratexia global: en xeral, para todas as actividades de avaliación inicial ou de diagnóstico, onde queremos que se vexan implicadas todo tipo de habilidades e coñecementos, para saber o punto de partida.

Estratexia analítica: por exemplo, para xesto técnicos, probas estandarizadas de condición física, ou actividades que requiren unha execución concreta.

Estratexia mixta: a meirande parte das actividades mesturan as dúas estratexias. Poden partir dunha global e ir dando máis indicacións, polo que inclúe a analítica. E podemos explicar as técnicas dun deporte e despois non darlle tanta importancia cando se xoga a ese deporte (de analítica a global).

RUTINAS

Para favorecer o bo funcionamento das sesións, e coa intención de optimizar ao máximo o tempo de práctica efectivo por parte do alumnado que redunde nunha maior aprendizaxe por parte destes, establécense unha serie de rutinas.

Entrada e Saída da aula: A entrada á aula será o máis puntual posible, establecéndose unha marxe de 5 minutos entre o toque do timbre e a entrada na aula de educación física (pavillón, pista, etc) correspondente. A saída da mesma non se producirá ata que toque o timbre.

Cambio de Roupa: O alumnado, nada máis acceder á instalación que así o requira, procederá sen demora ao cambio da roupa necesaria para realizar a sesión, sempre e cando este sexa necesario.

Hábitos Hixiénicos: O alumnado contará con 5 minutos para realizar o aseo, entendo este como o secado da sudoración e o cambio de roupa.

Recollida do Material: O material utilizado na sesión será recollido por quendas polo alumnado participante na sesión.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material dispoñible para levar a cabo o desenvolvemento das unidades didácticas deste curso.

Aula virtual/moodle. e cursos dispoñibles na aula.
Outras ferramentas dixitais ou plataformas de aprendizaxe.
Redes sociais, aplicacións específicas, podcast, etc.
Material bibliográfico no departamento, biblioteca, aula de informática, radio EmBrión.

1. Material dispoñible para levar a cabo o desenvolvemento das unidades didácticas deste curso. O departamento de Educación Física dispón de material para o desenvolvemento das distintas unidades didácticas (balóns de diversos tipos, formas e tamaños; picas; conos; aros; porterías; redes; raquetas, volantes, postes e redes de bádminton; mesas de tenis de mesa, palas e pelotas; pelotas e porterías; mancuernas; esterillas, colchonetas e quitamedos; testigos, para os contidos de atletismo; cordas individuais; cordas colectivas e para soga-tira: xogos tradicionais (sacos, petanca, aros, zancos, peóns); cinturóns con velcro e cintas e balón para cachibol; botiquín e maniqués para RCP; balóns medicinais de 2, 3 e 4kgs; caixón para proba flexibilidade; bancos suecos; espaldeiras; 3 poldros e 3 plintos; 3 minitramps
Outro tipo de material son autofalantes fixos e portátiles, con ou sen batería, micrófonos, mesa de mezclas, proxector, pantalla e pizarras.

2. Materiais elaborados en galego.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial desenvolverase ao inicio de cada Unidade Didáctica para comprobar os coñecementos previos que posúe o alumnado sobre os contidos da mesma.

Os procedementos de avaliación poderán ser variados, tanto probas escritas, como observación directa de tarefas específicas nas primeiras sesións, ou mediante cuestionarios orais ou probas prácticas.

O instrumento para a avaliación inicial dependerá do contido da U.D.

Unha vez feita, a persoa docente valorará a necesidade de realizar adaptacións nos diferentes apartados da programación, de ser o caso ou para determinados estudantes.

Destacamos as probas físicas de avaliación inicial que realizamos no primeiro trimestre, para que cada estudante coñeza e valore a súa forma física, aquelas cualidades nas que está ben e ten que manterse e aquelas outras nas que ten que mellorar e servirá de axuda á persoa docente para saber o grao de esixencia a ter con cada estudante.

Tamén, e como instrumentos de avaliación inicial, empregamos o historial médico e o cuestionario inicial de educación física, para ter en conta o estado de saúde de cada estudante, por unha parte e, pola outra, coñecer os seus hábitos saudables ou non e a súa actividade física, deportiva ou doutro tipo.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	8	15	10	5	10	6	10	15	6	15
Proba escrita	0	0	0	0	0	0	0	0	0	10
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100	100	90

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Proba escrita	2
Táboa de indicadores	98

Criterios de cualificación:

A Programación Didáctica consta de 10 Unidades Didácticas. As UU.DD. están distribuídas trimestralmente, abranguen un total de 70 sesións e o seu peso establécese sobre 100.

O peso de cada UD estableceuse en función do número de sesións e do contido da mesma.

Tendo en conta estes elementos, para a superación de cada unidade didáctica o alumnado deberá acadar os mínimos de consecución establecidos, nun peso orientativo global igual ou superior ao 45%. No caso de detectarse dificultades nalgún alumno ou alumna, adoptaranse as medidas de reforzo educativo axeitadas a esas dificultades.

A cualificación de cada trimestre, obterase calculando a media aritmética das cualificacións obtidas en cada UD impartida no trimestre e tamén considerando aqueles outros traballos de ampliación ou reforzo que cada estudante realizara, por iniciativa propia ou por indicación da persoa docente, poidendo deste xeito mellorar a súa cualificación. A cualificación de cada trimestre, obterase calculando as cualificacións obtidas nos distintos instrumentos de avaliación, tendo en conta o carácter dos contidos que avalían, de forma que os instrumentos que avalían contidos actitudinais terán un peso dun 40%, os que avalían contidos procedimentais un 30% e os conceptuais un 30%.

A cualificación da avaliación final ordinaria da materia, obterase calculando a media aritmética das cualificacións obtidas en cada avaliación trimestral, tendo en conta, de ser o caso, a cualificación obtida logo das recuperacións das UU.DD. e da avaliación trimestral e tamén considerando aqueles outros traballos de ampliación ou reforzo que cada estudante realizara, por iniciativa propia ou por indicación da persoa docente, poidendo deste xeito mellorar a súa cualificación.

O valor numérico da nota irá dende o 0 ao 10, redondeando á unidade máis próxima, (ata .4 cara abaixo e dende .5 cara arriba), e para considerar superada a U.D., o trimestre e o curso o alumnado debe acadar un 4,5 ou superior.

Para a obtención da nota empregaranse distintos procedementos, tanto probas escritas, exposicións orais ou escritas, gravacións de audio ou vídeo, como observación directa por parte da persoa docente. Tamén se terá en conta a autoavaliación e a coavaliación.

As probas escritas poderán ser exames tipo test, de resposta curta ou de desenvolvemento. Tamén poderán solicitarse a realización de traballos, exposicións orais, gravacións de audio e vídeo. Este tipo de probas ou traballos serán realizados, por norma xeral, a través da Aula Virtual.

No caso de traballos en grupo, haberá unha cualificación igual para todos os membros do grupo que poderá ser matizada (para melloralala ou empeoralala) a criterio do grupo, sempre dun xeito razoado.

Ao ser unha materia eminentemente práctica, o procedemento de avaliación máis empregado será a observación directa a través de diversos instrumentos, principalmente rúbricas, listas de cotexo e escalas de valoración, en función dos contidos a desenvolver.

Atención especial require o alumnado que por diferentes motivos (lesiões, malestares diversos, etc) non pode seguir o ritmo das sesións ou facer a clase por un período de tempo indeterminado. Ao ser a nosa materia práctica, intentarase que na medida do posible se incorpore ás sesións facendo as adaptacións oportunas. De non ser posible, determinarase o rol que deberá desempeñar, en función do tipo de sesión que se estea a desenvolver: árbitro, apoio aos compañeiros, alumno avantaxado, axudante da persoa docente, etc. Se aínda así, durante tempo non pode asistir ás clases, realizará os traballos que se pauten na Aula Virtual e, durante ese tempo, a súa cualificación será a dos traballos realizados.

En canto aos instrumentos de avaliación das unidades didácticas, aclarar que o tipo de instrumento establecido é sempre a táboa de indicadores, xa que a nosa materia é eminentemente práctica, e ademais é unha limitación da aplicación. Non obstante, consideramos que dentro desta tipoloxía entran tamén as probas escritas e outro tipo de traballos que se entregarán, preferentemente, na Aula Virtual e como comentamos anteriormente terán un peso diferente en función do tipo de criterio de avaliación que se avalie.

Criterios de recuperación:

Para recuperar as UU.DD. non superadas: Rematada a UD proporase ao alumnado que non a superou actividades de recuperación, supervisadas, avaliadas e cualificadas polo profesorado en sesións de tutoría previa cita. Segundo as circunstancias, poderanse propor a realización de probas escritas. De non superala, quedará pendente de recuperar, sempre e cando o alumnado non supere o trimestre, neste último caso a UD darase por superada.

Para recuperar a avaliación trimestral: O alumnado deberá recuperar só as UU.DD. que non teña superadas. O profesorado proporá actividades de recuperación ao alumnado supervisadas, avaliadas e cualificadas en sesións de tutoría previa cita. Segundo as circunstancias poderanse propor ao alumnado a realización de probas escritas.

Para superar a avaliación final:

Os/as estudantes que non superaran os mínimos esixibles no terceiro trimestre, farán actividades de reforzo, adaptadas aos criterios de avaliación daquelas UDD non superadas. A proba será preferentemente práctica, aínda que para superar algún dos contidos poderanse propor probas ou traballos escritos.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non procede en 1º ESO.

6. Medidas de atención á diversidade

Atendendo á Orde do 8 de setembro que desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, adoptaranse as medidas de carácter ordinario e extraordinario que se consideren oportunas e axeitadas ao alumnado.

Con carácter xeral, para adecuarse aos diferentes ritmos de aprendizaxe e capacidades, contéplanse actividades de reforzo e ampliación con tempos flexibles e aprendizaxe cooperativa en grupos heteroxéneos.

Ademais do diferente ritmo de aprendizaxe do alumnado e o nivel de competencia motriz, os casos máis frecuentes na materia de Educación Física que necesitan unha atención á diversidade son:

- Alumnado repetidor (coa materia aprobada / coa materia suspensa). Este alumnado, maioritariamente coa materia superada, pode colaborar co profesorado en actividades de microensinanza participando como alumno avantaxado en determinados contidos. Esa actuación será valorada polo profesorado con táboas de indicadores específicas.

- Alumnado con diferente nivel de competencia motriz. Ao alumnado que teña baixo nivel de competencia motriz nos contidos dalgunha/s unidade/é didáctica/s, realizaránselle apoios e reforzos para favorecer tanto a súa práctica como a súa aprendizaxe. De ser necesario, adaptaránselle os tempos e os procedementos de avaliación e poderá propoñerse algún tipo de traballo teórico para acadar os obxectivos.

- Alumnado lesionado ou incapacitado temporalmente para realizar a práctica:

No caso deste alumnado con necesidades educativas especiais poñeranse en marcha os apoios e as atencións educativas específicas necesarias para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe. Nestes casos, asignarase un rol en función da UD que garanta que participa e logra os obxectivos fixados: avaliador, xuíz/árbitro/a e axudante serán os roles máis utilizados. No caso de incapacidade total, este alumnado terá que acudir a clase para ou ben facer un traballo teórico, ou tomar nota dos contidos que se expoñan na clase ou facer unha ficha diaria das actividades que se realizan e que posteriormente terán que entregar ao profesorado.

A este alumnado, de ser o caso, en función das súas necesidades de atención á diversidade adaptaráselle tanto os tempos como os procedementos de avaliación.

A súa avaliación da parte práctica poderá ser substituída por traballo teóricos. Polo que serán calificados mediante a entrega e valoración correspondente de todos os traballos que se lles propoñan para realizar no tempo de clase, e dalgúns máis que lles serán encargados de forma especial a eles, así como a través das fichas diarias de clase que deberán ter realizado durante o curso. Ademais, deberán realizar os exames teóricos comúns para todo o curso. Adaptarase o peso dos criterios de avaliación de cada UD en función das posibilidades e necesidades que se requiran.

- Alumnado que promociona coa materia sen superar. Neste caso elaborárase un Plan de reforzo adaptado ás súas particularidades. De todos os apartados do plan, destacamos as tarefas para realizar e a súa temporalización, así como os procedementos de seguimento e avaliación.

Por outro lado, no caso do alumnado cun ritmo de aprendizaxe máis lento podemos poñer en marcha:

- Adaptacións metodolóxicas en canto ao estilo de ensinanza: empregar formas de organizar a clase individualizadas, realización de grupos de nivel naquelas actividades que así o requiran, etc...
- Adaptacións metodolóxicas en canto á técnica de ensinanza: comunicar só os aspectos máis importantes do modelo, presentar o modelo de forma máis personalizada. Procurar deseñar actividades diferentes para traballar un mesmo contido...
- Adaptacións metodolóxicas en canto ás estratexias pedagóxicas: apoio verbal, visual, manual, ampliación do tempo para alcanzar un determinado contido (polo que se establecerán progresións máis próximas á súa aptitude física). Reforzo permanente dos logros acadados para elevar a súa autoestima-autoconcepto, creación dun clima na aula na que o alumno/a non tema expresar as súas dificultades. Simplificación das actividades e adaptación das regras de xogo.
- Adaptacións dos criterios de avaliación, tendo en conta o traballo diario, a implicación nas tarefas de clase, a presentación de traballos alternativos (de ser o caso) e a mellora con respecto a si mesmo/a (avaliación criterial). En canto ao alumnado cun ritmo de aprendizaxe máis rápido, podemos:
- Plantexar actividades de ampliación que lles permitan profundar nos diversos contidos alcanzando obxectivos superiores.
- Implicar a este alumnado en programas de acción tutorial con compañeiros/as que teñan dificultades na súa aprendizaxe.

No caso de ser necesarias medidas extraordinarias de atención á diversidade unha vez esgotadas as de carácter ordinario, seguiranse as indicacións establecidas na normativa vixente, coa colaboración do departamento de orientación do centro.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - COMPRENSIÓN DE LECTURA	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA		X		X			X	X
ET.3 - COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL	X	X		X		X		
ET.4 - COMPETENCIA DIXITAL	X	X		X		X		X
ET.5 - EMPRENDEMENTO SOCIAL E EMPRESARIAL			X	X	X	X		
ET.6 - FOMENTO DO ESPÍRITU CRÍTICO E CIENTÍFICO		X	X					
ET.7 - EDUCACIÓN EMOCIONAL E EN VALORES							X	X
ET.8 - IGUALDADE DE XÉNERO			X		X	X		X
ET.9 - CREATIVIDADE			X	X	X	X		

	UD 9	UD 10
ET.1 - COMPRENSIÓN DE LECTURA	X	X
ET.2 - EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA	X	X

	UD 9	UD 10
ET.3 - COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL		X
ET.4 - COMPETENCIA DIXITAL	X	
ET.5 - EMPRENDEMENTO SOCIAL E EMPRESARIAL	X	
ET.6 - FOMENTO DO ESPÍRITU CRÍTICO E CIENTÍFICO	X	X
ET.7 - EDUCACIÓN EMOCIONAL E EN VALORES	X	X
ET.8 - IGUALDADE DE XÉNERO		
ET.9 - CREATIVIDADE		X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1. Xornada de xogos tradicionais.	En torno ao 12 de novembro. Ver observacións.	X		
2. Circuitos en bicicleta.	Dentro do instituto e polo entorno próximo. Ver observacións.			X
3. Sendeirismo polo entorno próximo.	Levar a cabo un roteiro dos sinalizados polo Concello de Brión. Ver observacións.	X		X
4. Actividades de bailes	Preparación do festival de final de curso			X
5. Actividades na natureza.	Sendeirismo, actividades acuáticas, orientación, xogos de pistas...			X

Observacións:

1. Xornada de xogos tradicionais.

Organizada polo Departamento de Educación Física.

Colabora alumnado de 1º de Bacharelato.

A data será arredor do 12 de novembro, San Martiño, para celebrar tamén o magosto.

2. Circuitos en bicicleta.

Dentro do plan Proxecta, o alumnado de 1º de ESO realizará circuitos en bicicleta dentro do recinto do instituto e no entorno próximo.

Contamos coa autorización das familias para este tipo de actividades.

Colaborará Protección Civil, Policía Local e Concello de Brión.

3. Sendeirismo polo entorno próximo.

A duración desta actividade poderá ser de 3-4 sesións, en horario lectivo.

Colaboración con voluntarios deo Concello de Brión.

Para fomentar os hábitos saudables, ao remate do roteiro haberá un agasallo dunha peza de froita de tempada por estudante, sendo preguntados previamente.

Os custos corren a cargo do centro.

4. Participación no festival de Educación Física.

No terceiro trimestre, durante 2-3 sesións, en horario lectivo.

Podería coincidir co remate do terceiro trimestre.

Será no ximnasio ou ben no Pavillón, dependendo da organización.

5. Actividades na natureza.

Esta actividade viría a completar o bloque 6.

O seu desenvolvemento será unha saída dun día a unha zona natural, onde poderemos facer un roteiro ou actividades acuáticas.

Fariamos reunión coas familias para presentar o programa de actividades, incluíndo o seu custo.

A participación será voluntaria e o custo será asumido por cada familia.

O centro buscará forma de financiar ao alumnado que, queirendo participar, non o poidera pagar todo ou parte.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
DESEÑO E DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES DIDÁCTICAS.
Metodoloxía empregada
RENDEMENTO DO ALUMNADO E RESULTADOS DE APRENDIZAXE
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
GRAO DE ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS DIDÁCTICOS E DOS CONTIDOS.
Clima de traballo na aula
MOTIVACIÓN DO ALUMNADO, AMBIENTE NAS SESIÓNS E ACTUACIÓN PERSOAL DA PERSOA DOCENTE.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS DA PROGRAMACIÓN.

Descrición:

O proceso de ensino esixe unha avaliación continua para ir axustando a programación. Esta avaliación permite ir detectando necesidades e buscando o axuste, as correccións precisas e as medidas que se consideren oportunas en cada momento.

Propóñense uns aspectos da programación e do procedemento de ensino-aprendizaxe, e uns indicadores, que a persoa docente pode avaliar, escollendo os instrumentos que considere máis axeitados (cuestionarios, listaxes de control ou rexistro de datos, entrevistas, observador externo ou ben comparar a experiencia con outros compañeiros e compañeiras docentes). Nesta proposta poden surpimirse puntos e engadirse outros que a persoa docente considere.

RENDEMENTO DO ALUMNADO E RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Análise dos resultados obtidos na avaliación final. O 100% do alumnado aproba a materia.

TEMPORALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN E DAS UNIDADES DIDÁCTICAS.

Pertinencia das actividades propostas e da secuencia seguida na súa realización, o que suporá observar se as progresións efectuadas permiten a todo o alumnado acadar regularmente as aprendizaxes previstas.

Mediante unha listaxe de control reflectirase si a temporalización foi axustada e houbo tempo de levar a cabo, tanto as UU.DD. como a programación xeral.

DESEÑO E DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES DIDÁCTICAS:

Avaliación de recursos, materiais, actividades, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación. Utilizaranse 2 instrumentos de avaliación: unha enquisa ao alumnado de cada grupo, e unha reflexión persoal do docente baseada na experiencia co grupo e no rexistro diario de clase. O 75% do alumnado, nunha escala de 0 a 5, puntúa con 3 ou máis este apartado.

GRAO DE ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS DIDÁCTICOS E DOS CONTIDOS:

Do trato co alumnado, da observación do seu traballo en clase, e do seu grao de motivación saberemos se os obxectivos didácticos seleccionados responden ás súas necesidades e inqúedanzas. Ademais, se observará se a través dos contidos desenvolvidos se alcanzan os obxectivos didácticos propostos.

Avaliarase a través dunha enquisa ao alumnado e a través da reflexión persoal da persoa docente baseada no rexistro diario de clase. O 75% do alumnado, nunha escala de 0 a 5, puntúa con 3 ou máis este apartado.

MOTIVACIÓN DO ALUMNADO, AMBIENTE NAS SESIÓNS E ACTUACIÓN PERSOAL DA PERSOA DOCENTE.

Este aspecto será valorado dende a perspectiva do grao en que as intervencións da profesora faciliten, promovan e motiven aos alumnos para o traballo en clase.

Ao remate de cada trimestre o alumnado contestará a un cuestionario de autoavaliación, individualmente e, de ser o caso, por grupos. Nunha escala de 0 a 5, o resultado será positivo se supera a puntuación de 3 máis dun 75% do alumnado.

INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS DA PROGRAMACIÓN:

Mediante unha listaxe de control avaliarase si alumnado e familias foron informados en tempo e forma do contido desta programación didáctica a través da páxina web do centro. Ademais o alumnado tivo unha información constante ao longo do curso do relativo ao desenvolvemento da mesma.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación é indispensable para ir avaliando procedementos, as actividades levadas a cabo e os resultados alcanzados polo alumnado, e así ir facendo as modificacións que se consideren oportunas para finalmente reflexionar acerca das posibles propostas de mellora. O coñecemento dos resultados obtidos neste proceso de seguimento e avaliación tamén establecerán un novo punto de partida de cara ao próximo curso e cara a unha nova intervención docente.

O seguimento da programación realizarase a través da sección de "Seguimento" da Aplicación PROENS. Nesta sección indícarase a data de inicio e fin da UD, o número de sesións previstas, o número de sesións realizadas, o grao de cumprimento da programación (baixo-medio-alto), as propostas de mellora e calquera observación que se considere oportuna..

Propónse facer o seguimento e a avaliación da programación nos seguintes prazos:

- Ao remate de cada unidade didáctica: avaliarase a eficacia das actividades plantexadas, a consecución de obxectivos por parte do alumnado, as dificultades atopadas, as necesidades de medidas de reforzo, os materiais e recursos empregados, outros instrumentos, etc.
- Unha vez ao mes, na reunión do departamento, realizarase o seguimento da programación didáctica e

estableceranse as medidas correctoras que, de ser o caso, se estimen necesarias.

- Ao finalizar o trimestre, onde analizaranse as unidades didácticas levadas a cabo, factores favorables e dificultades atopadas na temporalización das mesmas e resultados acadados polo alumnado. No caso de que quedara sen impartir algunha UD, o seu peso repartirase equitativamente entre o resto de UU.DD. impartidas no trimestre.

- Ao finalizar o curso escolar.

As propostas de mellora reorientarán e modificarán a nova programación, se é o caso, e unha vez discutido no seno do departamento (reorientarán as estratexias para desenvolver contidos, reforzarán aspectos varios, variarán procedementos, etc....) sempre buscando a optimización do proceso e o aproveitamento dos recursos. Estas propostas deberán quedar reflectidas na memoria final do departamento.

9. Outros apartados